

Praza número: 25/028

Número de prazas: 1

Categoría: Catedrático/a de Universidade

Área de coñecemento: Dereito Administrativo

Departamento: Dereito Público

Data da convocatoria: 16/10/2025

Data de publicación no BOE: 10/27/2025

Centro: Facultade de Dereito

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Sendo as 13.00 horas do día 10 de decembro de 2025, e cumpríndose os requisitos que establece o art. 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o establecido na Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2003:

Presidencia: Francisco Javier Sanz Larruga

Secretaría: Marta María García Pérez

Vogal 1º: María Asunción Torres López

Vogal 2º: Estanislao Arana García

Vogal 3º: José Francisco Alenza García

A continuación, a comisión, de acordo coa normativa indicada, establece os criterios para a valoración das probas, que se achegan como “acta de criterios de valoración” e que se publicarán no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña (UDC) con anterioridade á convocatoria para o acto de presentación.

Finalmente, a comisión acorda fixar a data de entrega da documentación por parte do candidato para o día 18 de decembro de 2025, ás 12:00 horas. O acto terá lugar en sesión híbrida na Sala de Profesores da Facultade de Derecho e en línea a través de Teams. O enlace á reunión será facilitado por correo electrónico aos membros da comisión.

Rematado o acto, o presidente levanta a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaria, coa conformidade do presidente.

O presidente,

A secretaria,

Francisco Javier Sanz Larruga

Marta María García Pérez

Praza número: 25/028

Número de prazas: 1

Categoría: Catedrático/a de Universidade

Área de coñecemento: Dereito Administrativo

Departamento: Dereito Público

Data da convocatoria: 16/10/2025

Data de publicación no BOE: 10/27/2025

Centro: Facultade de Dereito

ACTA DE CRITERIOS DE VALORACIÓN

Constituída a comisión xulgadora do concurso de méritos para a provisión da praza enriba indicada, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia:	Francisco Javier Sanz Larruga
Secretaría:	Marta María García Pérez
Vogal 1º:	María Asunción Torres López
Vogal 2º:	Estanislao Arana García
Vogal 3º:	José Francisco Alenza García

Procédese, de acordo coas directrices establecidas no anexo III da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, a establecer e publicar no TEO da UDC os criterios de valoración nos que se fundamentará o xuízo sobre os méritos da persoa concursante, que serán os que a continuación se indican:

1º. Experiencia docente: máximo 40 puntos

Valorarase a docencia universitaria en titulacións oficiais e a calidade docente que incluírá, entre outros aspectos, a avaliación no programa Docentia, a elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria, a participación en proxectos e grupos de innovación, a realización de estadias docentes, a mobilidade docente, os premios e os recoñecementos docentes e a formación docente impartida e recibida.

2º. Experiencia investigadora e de transferencia: máximo 40 puntos

Valoraranse as publicacións científicas, as comunicacións en reunións científicas, as bolsas e os contratos pre e posdoutorais, a realización de estadias pre e posdoutorais, a dirección de teses de doutoramento, a participación en proxectos de investigación e convocatorias competitivas e en convenios de investigación, e a realización de accións de transferencia e divulgación.

3º. Experiencia profesional e de xestión: máximo 20 puntos

Valorarase a experiencia profesional na especialidade de coñecemento da convocatoria e a experiencia de xestión, nomeadamente o traballo desempeñado na dirección e xestión universitaria ou científica a través de cargos académicos, a coordinación de titulacións, a dirección de revistas ou editoriais científicas e a participación en axencias de avaliación.

Rematado o acto, o presidente levanta a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaria, coa conformidade do presidente.

O presidente,

A secretaria,

Francisco Javier San Larruga

Marta María García Pérez